
GALICIA E ESTREMADURA REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN NO EIDO DA SUPERCOMPUTACIÓN

- Actualizado (15.02.2010)

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e Centro Extremeño de Investigación, Innovación Tecnolóxica y Supercomputación (CénitS) traballarán xuntos no desenvolvemento da Ciencia Computacional e servizos de supercomputación para a comunidade investigadora.

Este convenio de colaboración permitirá a extensión e profundización nas actividades conxuntas destas institucións que xestionan dous supercomputadores de gran capacidade de memoria compartida, o FinisTerra (CESGA) e o recentemente inaugurado LUSITANIA, do Centro Extremeño de Investigación, Innovación Tecnolóxica e Supercomputación (CénitS) que xestiona a Fundación COMPUTAEX.

O acordo asinado hoxe contempla realizar accións específicas conxuntas para a utilización dos recursos de supercomputación para os usuarios dos dous centros nun futuro, así como para fomentar a mobilidade inter-centros de científicos e tecnólogos.

(+)